



# **Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela**

## **Memoria 2000**

**Aprobada na Comisión da BUSC de 2 de maio de 2001**

ÍNDICE
--------

Presentación .....	1
Presuposto .....	3
Persoal .....	5
Instalacións e equipamento .....	7
Desenvolvemento das coleccións .....	8
Base de datos bibliográfica .....	16
Servicios .....	20
Redes e cooperación .....	26
Anexo estatístico .....	28

## PRESENTACIÓN

As liñas fundamentais de actuación da Biblioteca Universitaria continuaron un ano máis no desenvolvemento dos mesmos obxectivos de anos anteriores.

- ◆ Automatización do catálogo
  - A finais do mes de maio rematou a primeira fase da automatización do Catálogo da Biblioteca Intercentros de Dereito, Ccs. Políticas e Relacións Laborais. En decembro de 2000 adxudicouse a contratación da segunda e derradeira fase de automatización desa Biblioteca. Diversas incidencias que retrasaron a finalización da primeira fase, e consecuentemente a licitación da segunda, van impedir realizar a inauguración do novo edificio de Biblioteca de Ciencias Xurídicas e Sociais con tódolos fondos automatizados.
  - Incorporación ó Catálogo dos fondos bibliográficos das doazóns Coutinho, na Biblioteca de Xeografía e Historia, e Pillado, na Biblioteca de Ciencias da Comunicación.
  - A comezos de xullo integrouse nun catálogo provisorio a base de datos bibliográfica da biblioteca persoal de Dn. José Ángel Valente. Este catálogo da biblioteca persoal do poeta, doada á Biblioteca Universitaria e instalada na Cátedra Valente na Biblioteca da Facultade de Filoloxía no momento de redacción desta memoria, foi realizado na residencia do autor en Almería.
  
- ◆ Páxina web
  - Novo deseño para a páxina web e incorporación de novos recursos por materias nas áreas aínda non cubertas.
  - Na oferta de recursos electrónicos contratouse o servizo SwetsNet que permite o acceso a unha base de datos de sumarios de máis de 16.000 títulos de revistas, e ó texto completo de 474 revistas ás que a BUSC ten acceso gratuíto por estar subscrita a versión impresa.
  
- ◆ O servizo de transmisión electrónica de documentos, Ariel, implantado no ano 99 no Negociado de Fotodocumentación da Biblioteca Xeral, ampliouse, logo da adquisición dos equipos e programas e da formación do persoal, ás Bibliotecas de Bioloxía, Farmacia, Medicina e Intercentros de Lugo.
  
- ◆ Novas instalacións
  - A Biblioteca da Facultade de Ciencias da Comunicación abriu ó público o 10 de xaneiro, sendo o primeiro dos servizos que comezou a funcionar antes da inauguración da nova Facultade.
  - A finais do ano preparouse e adxudicouse o concurso de amoblamento da nova Biblioteca de Ciencias Xurídicas e Sociais. Cóntase con que a construción estea rematada en xuño de 2001.

Como xa se apuntaba na Memoria de 1999, as liñas de traballo recollidas nesta memoria supoñen unha continuación de proxectos iniciados a comezos da década dos noventa. A planificación de novos proxectos e obxectivos seguen pendentes da definición na RPT da BUSC dunha Sección de apoio tecnolóxico (dotada con persoal suficiente que poida abordar o desenvolvemento de novos produtos e servizos, participar coa Sección de Servizos na difusión e manexo deses produtos, etc.) e da construción da Biblioteca-Depósito

recollida na programación plurianual da USC 1999-2002, que permitiría unha mellor xestión das coleccións, dos espazos e consecuentemente dos servizos.

Finalmente sinalar que a Memoria deste ano inclúe un amplo Anexo estatístico, onde se recollen pormenorizadamente os datos de cada centro relativos a presuposto, persoal, instalacións e equipamento, coleccións e informatización e servizos.

## PRESUPUESTO

O presuposto da Biblioteca Universitaria para o ano 2000, aprobado pola Xunta de Goberno da USC, ascendeu a 552.000.000 ptas. Nesta cantidade inclúense 10.000.000 ptas. para automatización de catálogos, dentro dunha partida presupostaria do Vicerrectorado de Investigación.

A distribución deste presuposto, por capítulos, foi a seguinte:

Capítulo 2	Aplicación 220	35.000.000 ptas.	35.000.000 ptas.
Capítulo 6	Aplicación 627	485.000.000 ptas.	
	Aplicación 626	22.000.000 ptas.	
	Automatización catálogos	10.000.000 ptas.	517.000.000 ptas.
Total			552.000.000 ptas.

Estes créditos incrementáronse con diversas aportacións:

Axudas Infraestrutura Xunta de Galicia	60.181.446 ptas.
Aportacións de Departamentos, Centros e Proxectos	52.732.371 ptas.
Ingresos por servizos	18.343.413 ptas.
Descontos en librerías	790.738 ptas.
Total	132.047.968 ptas.

As aportacións de Departamentos, Proxectos de Investigación e Centros concentráronse principalmente na adquisición de materiais bibliográficos, adicándose a este fin 44.409.886 ptas. Outro ano máis os centros que obtiveron aportacións máis significativas foron, por esta orde: Filoloxía (20.857.230 ptas.), Xeografía e Historia (9.114.043 ptas.) e Dereito (6.601.513 ptas.).

Se engadimos o remanente de 1999 do presuposto para adquisición de libros (11.675.419 ptas.), no ano 2000 dedicáronse en total 601.033.609 ptas. a adquisicións bibliográficas e 48.998.403 ptas. a gastos de material e equipamento.

Dos 485.000.000 ptas. do crédito ordinario dedicados a adquisicións bibliográficas, 335.000.000 ptas. foron para o pago das subscricións a publicacións periódicas. Este presuposto supón un incremento do 13,56% respecto ó de 1999. O importe total das publicacións periódicas subscritas con cargo ó presuposto centralizado foi de 335.354.685 ptas., o que permitiu afronta-lo pago, por primeira vez en varios anos, sen suplementacións presupostarias. A razón desta baixa de custos está na entrada en funcionamento do servizo de publicacións electrónicas (BUGalicia), do que se da información máis detallada noutro apartado desta memoria, que supuxo dar de baixa as custosas subscricións ás bases de datos en rede (o aforro estímase en 31.370.000 ptas.)

O reparto do presuposto ordinario realizouse de acordo ós mesmos criterios dos dous últimos anos:

- ❑ O presuposto de publicacións unitarias (Aplicación 627 "Bibliotecas. Adquición de libros"), 150.000.000 ptas., non experimentou ningún incremento sobre o de 1999. Os criterios de distribución entre centros, aprobados en Xunta de Goberno a proposta da Comisión da Biblioteca Universitaria, tampouco experimentaron variacións respecto ó ano anterior.
- ❑ O presuposto ordinario de equipamento, 22.000.000 ptas. (incremento do 46% con respecto a 1999) destinouse nun 50% a equipamento tecnolóxico e nun 50% a renovación de mobiliario. As principais adquisicións nestes dous apartados foron:
  - Ampliación e renovación de equipos informáticos
  - Proxecto Ariel: Adquisición do produto Ariel, PCs. e scanners para o subministro electrónico de documentos nas Bibliotecas con maior demanda interna (Bioloxía, Farmacia e Medicina) e na B. Intercentros de Lugo.
  - Adquisición dun servidor de bases de datos para a web da Biblioteca.
  - Ampliación do número de licencias Universe na máquina sialpha1.
  - Adquisición de mobiliario para a nova sala de investigadores da Biblioteca de Maxisterio de Lugo.
  - Adquisicións e ampliacións de mobiliario para as Bibliotecas de Bioloxía, Farmacia, Filoloxía, Matemáticas, Química e Intercentros de Lugo.
- ❑ O presuposto do Capítulo 2, 35.000.000 ptas. (incremento do 0% respecto a 1999), distribuíuse cos mesmos criterios de anos anteriores: cantidades fixas para a B. Xeral, Biblioteca Intercentros das Facultades de Filosofía, CC. da Educación e Psicoloxía e B. Intercentros de Lugo e diferencia na asignación base entre Bibliotecas Intercentro, de Facultade e de Escola.

Neste ano non se produciron apenas remanentes no peche do exercicio, gastándose ademais as remanentes acumuladas de anos anteriores. Hai que destacar, sen embargo, a elevada cantidade facturada por moitos centros en adquisición de fondos para alumnos, como único medio de non xenerar novos remanentes.

Tendo en conta que os datos da "Memoria económica da USC. 1999" referidos a adquisicións bibliográficas, con cargo a presupostos de centros, departamentos, convenios e proxectos, non integradas nas coleccións da BUSC ascenden a case 31 millóns de ptas. e que os centros con máis adquisicións son aqueles nos que se da unha maior desviación do gasto hacia fondos de alumnos no ano 2000, habería que estudar medidas correctoras do reparto de presupostos, ademais de recoller na normativa de xestión económica da USC a tramitación a través da biblioteca de tódalas adquisicións bibliográficas.

## PERSOAL

En Xaneiro do ano 2000 tomou posesión como directora da BUSC, Dna. M<sup>a</sup> Virtudes Pardo Gómez, e Dna. Marta Abad López e Dna. Ana González da Costa pasaron a ocupa-la Subdirección de Coordinación da BUSC e a Xefatura do Negociado de Publicacións Periódicas, respectivamente, en comisión de servizos temporal.

No ano 2000 (Resolución do 21 de decembro de 1999) realizáronse as probas selectivas para ingreso na escala de facultativos de arquivos e bibliotecas da USC polo sistema de promoción interna, sendo superadas polos seguintes aspirantes:

Dna. Ana González da Costa  
Dn. Xosé Ramón Lema Bendaña  
Dna. Pilar del Oro Trigo  
Dn. Xosé Antonio Regos Varela

En outubro, deixou de prestar servizo na Biblioteca Universitaria Dn. Alberto Gómez Aneiros, Xefe do Negociado de Fotodocumentación.

A finais de 2000 a BUSC contaba co seguinte persoal:

### PERSOAL DA BUSC - ANO 2000

Escala de Facultativos de Bibliotecas	12
Técnico de Documentación Informatizada (Lab. Gr. I)	1
Escala de Axudantes de Bibliotecas	58
Técnico Xestor de Sistemas (Lab. Gr. II)	1
Auxiliares Administrativos	6
Auxiliares Técnicos de Bibliotecas (Lab. Gr. IV)	96
Porteiros Maiores	2
Auxiliares de Servizos. Área de Conserxería (Lab. Gr. V)	5
<b>TOTAL</b>	<b>181</b>

Neste cómputo inclúese o persoal contratado a tempo parcial para ampliacións horarias da Biblioteca nos sábados e domingos. A BUSC contou tamén con persoal contratado a tempo parcial para a apertura nocturna en períodos de exames.

No ano 2000 prestaron servizo na BUSC 2 Técnicos Especialistas en Informática contratados en virtude dun programa de cooperación entre a Universidade de Santiago e a Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia.

Durante o ano 2000 a Biblioteca contou coa colaboración de 4 becarios de Formación Profesional en prácticas e da Prestación Social Substitutoria (2 na Biblioteca Xeral e 2 na Biblioteca da E.U. de

Maxisterio de Lugo) e, ata outubro do ano 2000, cun Axudante de Bibliotecas do Servicio de Bibliotecas da Xunta de Galicia

A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 2000 por puntos de servizo, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

Centro	Facultivos	Axudantes	Admin.	Aux. Tco.	Aux. Tco. Sab./Dom	Conserxería	Tco. Doc.	Tec. Xestor Sist.	TOTAL
BUSC	5	1					1	1	8
B. Xeral	2	15	5	13	2	3			40
Bioloxía		2		4					6
Económicas		3		6					9
Dereito, Pol.		5		6	1				12
Farmacia	1	1		4					6
Filoloxía	1	5		6	1				13
Filosof., CC. Ed., Psi	1	6		7					14
Física e Óptica		1		4					5
X <sup>a</sup> - H <sup>a</sup>		4		5	1				10
Matemáticas		2		4					6
Medicina	1	2		5					8
Química		2		4	1				7
Enfermería				2					2
CC. Información		2		4					6
Intercentros Lugo	1	6	1	11	2	4			25
Maxisterio		1		3					4
<b>Totais</b>	<b>12</b>	<b>58</b>	<b>6</b>	<b>88</b>	<b>8</b>	<b>7</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>181</b>

Ó igual que en 1999, a formación continuada do persoal da BUSC centrouse neste ano, fundamentalmente, dentro do Plano de Formación da USC desenvolvido pola Xerencia. A área de Bibliotecas estivo representada, dentro da Comisión de Formación deste Plano, pola Dirección da BUSC, e enmarcados nel realizáronse 2 cursos específicos nesta área no ano 2000:

- O Posto de Traballo Bibliotecario no Entorno Automatizado.
- Aplicación das Novas Tecnoloxías nas Bibliotecas

Tamén houbo participación do persoal da BUSC noutros 13 cursos de carácter xenérico.



## INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

Un ano máis o apartado de instalacións e equipamento ten de comezar por salientar os graves problemas de espazo da maioría das bibliotecas da USC.

A construción da Biblioteca Depósito, recollida na "Programación plurianual da USC 1999-2002", está de momento paralizada e non ten precisada data de realización nen dotación presupostaria.

Esta paralización supón para a BUSC, ademais dun serio problema de capacidade de almacenamento (nalgúns centros a capacidade de crecemento é cero), a demora na posta en marcha de proxectos de racionalización das coleccións (fusión de coleccións de revistas pechadas en dous ou máis centros, expurgo de manuais obsoletos...) e mellora de espazos e servizos ós usuarios (dotación de salas de traballo en grupo, orientación das bibliotecas hacia a formación, impulso dos servizos de información e orientación bibliográfica...).

A maior parte das intervencións sobre as instalacións e equipamento das bibliotecas dos últimos anos están dirixidas a ampliacións da capacidade de almacenamento. No ano 2000 as intervencións foron as seguintes:

- Ampliación e amoblamento da Biblioteca da Escola de Maxisterio de Lugo. As reformas levadas a cabo no edificio da Escola, permitiron ampliala Biblioteca cunha sala de investigadores. Nesta sala estanse a instalar os fondos de investigación da Biblioteca e aqueles outros que, por problemas de espazo, permanecían ata o momento nos Departamentos. A superficie ampliada é de 81 m<sup>2</sup>, cunha capacidade de 144 ms. liñas de estantería (aprox. 4000 volumes) e 13 postos de consulta. Gracias a esta obra no ano 2001 poderase aborda-la reubicación de tódolos fondos en libre acceso.
- Ampliación en 158 m<sup>2</sup> do depósito da Biblioteca da Facultade de Filoloxía, coa anexión dun local cedido pola Facultade.
- Instalación dun sistema de estantería compacto no depósito da Biblioteca da Facultade de Farmacia

No que se refire á nova Biblioteca de Ciencias Xurídicas e Sociais, a finais de ano 2000 adxudicouse o concurso de amoblamento por un importe total de 97.764.409 ptas. O remate da obra e entrega do edificio están previstos para xuño de 2001. Unha vez instalado o amoblamento e finalizados os exames de setembro realizarase o traslado das coleccións.

Con respecto ó equipamento informático, ademais das renovacións de equipos obsoletos ou deteriorados, no ano 2000 adquiriuse un novo servidor para a xestión das bases de datos da web da BUSC e o equipamento necesario (Pcs e scanners e sistema Ariel) para a implantación do subministro electrónico de documentos nas 3 bibliotecas con maior demanda interna –Bioloxía, Farmacia e Medicina- e na B. Intercentros do campus de Lugo.

## DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIÓNS


No ano 2000 ingresaron na BUSC 37.523 títulos de monografías, un 0,45% máis que en 1999.

Dos 37.523 títulos, 28.274 (5,01% máis que en 1999) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros (ver táboas no apartado de Presuposto).

Coas Axudas da Xunta de Galicia adquiríronse 599 títulos (-34,25% diminución sobre 1999), por intercambios e doazóns ingresaron 7.254 títulos (-1,60% diminución respecto do ano anterior), e 1.326 por Depósito Legal (-35,01% respecto de 1999).

A distribución destes ingresos por bibliotecas pode verse na táboa e gráfico seguintes:

CENTRO	MONOGRAFÍAS					
	Compra	Intercambio	Doazón	Xunta	D.L.	TOTAL
B. Xeral	5.008	395	1.353	2	1.396	8.154
Bioloxía	440	126	40	51	0	657
Económicas	1.381	219	523	35	0	2.158
Der, Pol, R.L.	3.215	153	290	85	0	3.743
Farmacia	422	21	55	43	0	541
Filoloxía	3.499	351	807	11	0	4.668
Fª, Cc. Educ. Psicol	3.471	200	319	62	0	4.052
Física Óptica	546	54	20	54	0	674
X e H, CC. Inf	2.704	424	354	4	0	3.486
Matemáticas	498	38	5	41	0	582
Medicina	424	89	138	13	0	664
Química	285	68	11	11	0	375
Intercentros	4.309	84	767	165	0	5.325
CC. da Información	1.024	42	127	9	0	1.202
Maxisterio - Lugo	665	11	43	4	0	723
Enfermería	311	10	15	2	0	338
Observatorio	32	0	5	2	0	39
ICE	40	13	84	5	0	142
<b>TOTAIS</b>	<b>28.873</b>	<b>2.298</b>	<b>4.956</b>	<b>599</b>	<b>1.396</b>	<b>37.523</b>



Seguindo coa política de conseguir coleccións exhaustivas de fondos galegos, a Biblioteca Xeral adquiriu entre outras, as obras seguintes:

#### **Blanco-Amor, Eduardo**

Poema en catro tempos / Eduardo Blanco Amor ; limiar, Manuel María ; un estudio de Andrés Pociña ; ilustracións e serigrafías orixinais de Correa Corredoira. -- A Coruña : Producións Culturais Artesa, 2000  
1 cartafol (22 cadernos de 4 páxinas) : il. ; 36 cm + 1 exemplar facsímil da única ed. de Poema en catro tempos

Edición facsímil da de: Buenos Aires, 1931

00 GA-ResGA-32/1 Exemplar n. 11 dunha tirada de 150, asinada por Correa Corredoira

00 GA-ResGA-32/2

**HOMENAXE a Luis Seoane** / Aurichu, Salvador García-Bodaño, Bernardino Graña, Enrique Ortiz Alonso, Euloxio R. Ruibal. -- A Coruña ; Buenos Aires : Edicións Cuco-Rei, imp. 1977

[22] p. : il. ; 24 cm

Os "collages" feitos de retrincos de grabados de Luis Seoane, pertencentes a épocas dferentes están firmados polo autor

00 GA-ResGA-25

#### **Otero, Camilo**

Bandolerismo, vino y farándula en el Camino de Santiago / 15 estampas de Camilo Otero ; [presentación, Luis Alonso Girgado ; textos de Alfredo Iglesias Diéguez]. -- [Santiago de Compostela] : Librería Follas Novas, imp. 1999

1 cartafol (27 f.) : principalmente estampas ; 42 cm. -- (Camino de Santiago (Follas Novas-Monte Casino))

00 GA-ResGA-31 Exemp. n. 22 dunha tirada de 300

**Rodríguez Fer, Claudio**

Rastros de vida y poesía / textos, Claudio Rodríguez Fer ; ilustraciones, Eugenio Fernández Granell. -- Valladolid : El gato gris, D.L. 2000

1 estoxo (co texto impreso e manuscrito e 10 serigrafías) ; 20x22 cm. -- (Colección de manuscritos de poesía (El gato gris) ; 13, 14)

Os textos manuscritos do autor editáronse tal como foron escritos sobre papel Rivoli de 240 gr., as serigrafías orixinais de Eugenio Fernández Granell estampáronse manualmente sobre papel artesano Michel, sin ácido, cen por cen trapo, de 240 gr.

00 GA-ResGA-28 Exemp. n. 50 dunha tirada de 135

**Ruiz de Padrón, Antonio José**

Apéndice al dictamen sobre el Tribunal de la Inquisición, que en la Cortes celebradas el año de 1813 dió el Dr. D. Antonio José Ruiz de Padron, Diputado por las islas Canarias. -- 3ª ed. -- [Madrid? : s.n., 1820?] (Madrid : Imprenta de la Calle de La Greda, 1820)

53 p. ; 20 cm

Contén: Contiene ahora una advertencia preliminar relativa á la cruel persecución que durante cuatro años ha experimentado el autor, á causa de los dos escritos mencionados

00 GA-ResGA-33

**Seoane, Luís**

Martina Cespedes : [grabados en madera] / Luis Seoane. -- Buenos Aires : Ediciones Martina Cespedes, [194-?]

1 cartafol ([4] p., [8] f.) ; 31 cm

00 GA-ResGA-34 Exemp. n. 53 dunha tirada de 165, firmado polo autor

**Torrente Ballester, Gonzalo**

La Bella Otero / Gonzalo Torrente Ballester ; francés = français Ramón Chao e Ignacio Ramonet ; galego = galicien Carlos Casares ; litografías = lithographies Bonifacio. -- París : Raiña Lupa ; [Santiago de Compostela] : Consorcio de Santiago, 2000

1 cartafol (VI follas pleg.) : litografías ; 39 cm

Textos en español, francés e galego

No obradoiro de Antonio Gayo Núñez en Madrid estampáronse as litografías en pedra sobre papel Guarro

00 GA-ResGA-35 Exemp. n. 17 dunha tirada de 90 asinado por Bonifacio

**UXIO Novoneyra : homenaxe** / [Alexandro...(et al.) ; coordina Asociación Cultural O Galo ; colaboran Asociación Socio-Pedagóxica Galega, Asociación de Escritores en Língua Galega ; co patrocinio de Concello de Santiago de Compostela...(et al.)]. -- [Galicia : s.n.], imp. 1999

1 caixa (90 f.) : il. ; 44 cm + 1 folleto (36 p. ; 42 cm.)

Título tomado da cuberta da caixa

A caixa contén poemas, fotografías e pinturas en homenaxe a Uxío Novoneyra e o folleto contén artigos adicados a él

00 GA-ResGA-24/1 Exemp. n. 100 dunha tirada de 150

00 GA-ResGA-24/2


**Valente, José Angel**

Tres lecciones de tinieblas / José Angel Valente; grabados Ramón Pérez Carrió. -- Ourense : Linteo, 2000

77 p. : grabados calcográficos ; 26 cm. -- (Font de la Cometa (Linteo) ; 2)  
 00 GA-ResGA-37 Exemp. n. 59 dunha tirada de 100

As coleccións de publicacións periódicas pagadas co presuposto da BUSC, mantivéronse en xeral con poucas variacións respecto a anos anteriores. A diferenza entre a cantidade total de títulos no ano 1999 (26.233) e no ano 2000 (29.274) explicase porque este ano engadíronse os datos dos títulos recibidos por Depósito Legal, dos que non se dispuxo antes. No presuposto centralizado, previamente á renovación para o ano 2001, déronse de baixa 65 títulos, abríndose 66 novas subscricións.

CENTRO	PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS						
	Pechadas	Abertas					TOTAL
		Títulos pechados	Compra	Doazón	Interc.	Depósito Legal	
B. Xeral	8.121	154	389	126	1.546	669	10.336
Biloxía	619	134	19	147	0	300	919
Económicas	1.373	429	341	89	0	859	2.232
Der, Pol, R.L.	1.461	826	324	109	0	1.259	2.720
Farmacia	1.079	240	72	50	0	362	1.441
Filloxía	786	586	89	206	0	881	1.667
Fª, Cc. Educ. Psicol	880	428	144	197	0	769	1.649
Física Optica	263	207	13	11	0	231	494
X e H, CC. Inf	1.399	389	87	265	0	741	2.140
Matemáticas	199	268	17	40	0	325	524
Medicina	1.359	345	117	11	0	473	1.832
Química	515	179	15	10	0	204	719
Intercentros	624	458	165	143	0	766	1.390
CC. Información	124	101	70	5	0	300	300
Maxisterio - Lugo	118	52	16	3	0	71	189
Enfermería	29	20	6	0	0	26	55
Observatorio	296	20	28	0	0	48	344
ICE	224	52	42	5	0	99	323
<b>TOTAIS</b>	<b>19.469</b>	<b>4.888</b>	<b>1.954</b>	<b>1.417</b>	<b>1.546</b>	<b>8.383</b>	<b>29.274</b>



Coa Axuda para Infraestrutura de Investigación da Xunta de Galicia adquiríronse as obras: *Periodical Contents Index* en CD-ROM (tramo 17) e os *Archives Biographiques Françaises*, en microfichas.

No ano 2000 rematouse a primeira fase do proxecto de fusión das coleccións de publicacións periódicas, completándose coleccións abertas nunha biblioteca cos fondos pechados procedentes doutras, co obxectivo de posuír unha única colección, o máis completa posible, de cada título de revista. A segunda fase do proxecto, consistente en unificar coleccións de revistas pechadas e que se pretendía comezar no ano 2000, deberá agardar a que se poña en marcha o proxecto de construción da Biblioteca Depósito.

Diante dos problemas orzamentarios que ven sufrindo reiteradamente a BUSC para facer fronte ó custo das publicacións periódicas, a Comisión da Biblioteca Universitaria nomeou unha Subcomisión, que traballou ó longo de todo o ano 2000, para o estudo deste problema e a busca de posibles solucións ó mesmo. No momento de redactar esta memoria, a Subcomisión rematou o seu traballo coa elaboración dun informe no que se contempla, entre outras, a posibilidade de eliminar subscricións duplicadas entre os campus de Santiago e Lugo. Isto viría facilitado pola existencia das edicións electrónicas destas subscricións, gratuítas na maioría dos casos, co que o campus onde se pechase o título non perdería o acceso a información, e á rapidez no suministro de artigos entre campus gracias ó sistema Ariel.

Tamén, e para estudia-la posibilidade de cooperación con outras universidades españolas na adquisición de publicacións periódicas, unha representación da BUSC entrou a formar parte da comisión encargada do estudo do Proyecto CAR (Cooperación para la Adquisición de Revistas), iniciativa de la Comisión Ejecutiva de REBIUN, aprobado en la VIII Asamblea Plenaria de REBIUN, celebrada en Córdoba en maio de 2000.

No referente á restauración de fondos históricos, fíxose intervención nas seguintes obras:

- **Marco Vitrubio Polión:** De Architectura libri dece [sic] tradutte del latino in vulgare ...Como: Gotardus da Ponte,1521
- **Juan de Aviñon:** Sevillana medicina. Que trata el modo conservativo y curativo de los que abitan en la muy insigne ciudad de Sevilla: la qual sirve y aprovecha para qualquier otro lugar destes reynos. Sevilla: en casa de Andrés de Burgos, 5 noviembre,1545
- **Bernardino Montaña de Monserrate:** Libro de la Anothomia del hombre nuevamente compuesto por Bernardino Montaña de Monserrate...; juntamente con una declaracio de un sueño que soño...Luys Hurtado de Mendoça Marques de Mondejar...el qual sueño... trata brevemente la dicha fabrica del hombre... Impresso en Valladolid: en casa de Sebastian Martinez, 1551
- **Juan Cristóbal Calvete de Estrella :** El felicissimo viaie d'el Poderos o Principe don Phelippe, hijo d'el Emperador don Carlos Quinto Maximo, desde España à sus tierras de la baxa Alemaña, con la descripcion de todos los Estados de Brabante y Flandes. Escrito en quatro libros, por Iuan Christoual Caluete de Estrella . En Anuers:en casa de Martin Nucio,1552
- **Tratado llamado el Deseoso:** y por otro nôbre Espejo de religiosos. Agora de nuevo corregido: y añadida la sexta parte que asta agora no ha sido impressa. Burgos: Juâ de Junta, 1554
- **Cancionero general:** que contiene muchas obras de diversos autores antiguos, con algunas cosas nuevas de modernos, de nuevo corregido y impresso. En Anvers: En casa de Martin Nucio, à la enseña de las dos Cigueñas, 1557




- **Aegidius Topiarius:** Condiciones in evangella et epistoals, qve dominicis... Parisiis: Apud Michaellem Sonnum, 1566



- **Pietro Cataneo:** L'Architettura di Pietro Cataneo Senese... I primi quattro libri per l'adietro stampati, sono aggiunti di piu il quinto, sesto, settimo, e ottavo libro... Venetia: Aldus, 1567.
- **Biblia sacra Hebraice, Chaldaice, Græce, & Latine.** Antuerpiæ: Christoph. Plantinusexcud., 1569 [1571]–1572[1573]
- **Cristophorus Clavius:** Euclidis elementorum libri XV. Romae: Apud Vicentium Accoltum, 1574
- **Cristóbal de Acosta:** Tractado de las drogas y medicinas de las Indias Orientales, con sus plantas debuxadas al vivo. Burgos: Martin de Victoria, 1578
- **Vicenzo Cartari:** Imagines deorum, qui ab antiquis colebantur, 1581
- **Miguel de Cervantes Saavedra :** Trabajos de Persilesy Segismunda. En Madrid: Por Juan de la Cuesta. A costa de Juan de Villarroel, 1617
- **Jorge Antonio Riojano:** Gerarchia seraphica. Valladolid: viuda de Iuan Lasso de las Peñas, 1633
- **D. Francisci Salgado de Somoza,** in regali Cancellaria Vallisoletana senatoris, labyrinthvs creditorum currentivm ad litem per debitorem communem interillos causatam... Tomus primus. Lugduni: Sumpt. Laurentii Anisson, 1654
- **Decisionum Centuria Duae,** quarvm prior jampridem edita est... Utraque materiam labyrinthi creditorum illustrat. Lugduni: Sumptibus Laurentii Anison, 1665
- **Diffiniciones morales,** muy vtiles y provechosas para curas, confesores, y penitentes. Santiago: Juan Baptista Gonzalez de S. Clemente, 1665
- **Definiciones morales.** Muy utiles, y provechosas para curas, confesores, y penitentes. Pamplona: Juan Micon, 1696



- **Diego de Torres Villarroel:** El atillo de San Blas. Pronóstico y diario de quartos de luna: juicio de los acontecimientos naturales y políticos de la Europa y para este presente año de 1737. Salamanca: Juan de Moya,1736
- **Diccionario de la lengua castellana**, en que se explica el verdadero sentido de las voces, su naturaleza y calidad...compuesto por la Real Academia Española. En Madrid: en la Imprenta de Francisco del Hierro,1726-1739
- **Manuel de Larramendi (S.I.):** Diccionario trilingue del castellano, bascuence y latin. En San Sebastian: Por Bartholomè Riesgo y Montero,1745. – 2 v.
- **Andrés Ximénez:** Descripción del Real Monasterio de San Lorenzo del Escorial...En Madrid: en la imprenta de Antonio Marín, 1764



- **Tomás Cerdà:** Lección de artillería para el uso de la clase. En Barcelona: por Francisco Suria, 1764.
- **Cayo Salustio Crispo:** La conjuración de Catilina y La guerra de Jugurta, por Cayo Salustio Crispo. Madrid: Joachin Ibarra, 1772
- **Biblioteca de autores españoles**, desde la formación del lenguaje hasta nuestros días, 1873
- **Pleito entre la Iglesia de Orense y S. Martín de Santiago sobre la Iglesia de Razamonde.** Alegaciones Criminales. [17??]

## BASE DE DATOS BIBLIOGRÁFICA

A base de datos bibliográfica da BUSC contaba, a 31 de decembro de 2000, con 594.485 rexistros bibliográficos de monografías (524.034 libros, folletos, manuscritos e materiais noutros soportes e 70.451 descripcións analíticas, de partes compoñentes: artigos de revistas e partes de monografías), correspondentes a 814.506 volumes. O catálogo de revistas contaba con 23.606 rexistros correspondentes a 30.019 coleccións.

Ademais da incorporación dos rexistros de novas adquisicións de tódalas Bibliotecas dos Campus de Santiago e Lugo (36.127 títulos), a base de datos continúa incrementándose cos procesos de catalogación de doazóns e automatización de fondos en catálogos manuais. As actuacións levadas a cabo neste ano son as seguintes:

- No mes de xullo rematou a primeira fase da reconversión e recatalogación dos fondos bibliográficos da Biblioteca Intercentros das Facultades de Dereito, Políticas e E.U. de Relacións Laborais. Como resultado destes traballos incorporáronse á base de datos da BUSC un total de 42.061 títulos.
- Finalización da gravación dos rexistros correspondentes ó Catálogo de Manuscritos da Biblioteca Xeral (814 rexistros).
- Catalogación da doazón Coutinho Castro da Biblioteca de Xeografía e Historia (4.181 rexistros)
- Catalogación da doazón Pillado Mayor da Biblioteca de Ciencias da Información (7.753 rexistros)
- Catalogación da Biblioteca e Arquivo persoal de Dn. José Angel Valente. Estes traballos leváronse a cabo no propio domicilio do poeta en Almería. No momento de redacción desta memoria a Biblioteca está xa instalada na Cátedra Valente, dentro dos locais da Biblioteca de Filoloxía. O catálogo non está todavía dispoñible, pendente da realización de etiquetado e signaturización.

A finais de 2000, procedeuse á adxudicación do concurso para a 2ª e derradeira fase de automatización dos fondos bibliográficos da Biblioteca Intercentros de Dereito, Políticas e Relacións Laborais (aprox. 76.000 rexistros). Está previsto que os traballos finalicen en xullo de 2002. Unha vez rematados eses traballos só restará a automatización da maior parte do fondo antigo e anticuado da Biblioteca Xeral (aprox. 50.000 rexistros).

Canto das publicacións periódicas, a revisión do catálogo comezada no segundo semestre de 1996, está case concluída, estando pendentes de rematar a Biblioteca de Xeografía e Historia, a Biblioteca Intercentros do campus de Lugo e a Biblioteca da Escola de Maxisterio (estes dous últimos centros comezaron no ano 1998).

Como xa se sinalaba ó principio deste apartado, a finais de 2000 o catálogo de revistas contaba con 23.606 rexistros correspondentes a 30.019 coleccións, incluíndo revistas en curso e pechadas. **Destas coleccións, 5.311 son de fondos galegos que inclúen as que están depositadas na Biblioteca Xeral ingresadas por Depósito Legal (2.490 a 31 de decembro de 1999).**

Nas táboas seguintes poden verse, desglosados por centro, os datos relativos á base de datos bibliográfica:

#### CATÁLOGO XERAL

	Títulos	Volumes
B. Xeral	98.046	116.940
Bioloxía	12.641	15.522
Económicas	41.330	49.881
Dereito, CC. Pol., Rel Laborais	49.454	58.588
Farmacía	9.915	12.897
Filoloxía	87.034	110.360
Filosofía, CC. Edu., Psi.	67.057	84.935
Física e Óptica	9.231	11.042
Xeografía e Historia	65.064	80.846
Matemáticas	18.671	23.609
Medicina	11.770	15.217
Química	9.496	12.412
Xornalismo	11.310	13.038
Enfermería	2.048	3.696
ICE	2.946	3.503
Observatorio	1.064	1.184
Museo Luis Iglesias	464	605
IDEGA	148	154
Intercentros Lugo	41.513	59.684
Maxisterio	13.202	18.570
TOTAIS	467.143 <sup>1</sup>	692.683

<sup>1</sup> O dato total de títulos non é resultado da suma dos de cada centro xa que hai títulos repetidos entre dous ou máis centros.

CATÁLOGO GALICIA

	Títulos	Volumes
B. Xeral	63.040	75.119
Bioloxía	2.631	2.985
Económicas	2.569	3.412
Dereito, CC. Pol., Rel Laborais	2.595	3.517
Farmacía	2.018	2.231
Filoloxía	11.276	14.183
Filosofía, CC. Edu., Psi.	7.779	10.237
Física e Óptica	662	729
Xeografía e Historia	7.459	9.688
Matemáticas	859	1.272
Medicina	734	910
Química	762	1.012
Xornalismo	1.696	2.094
Enfermería	102	164
ICE	647	902
Observatorio	68	84
Museo Luis Iglesias	28	44
IDEGA	1	1
Intercentros Lugo	5.989	8.621
Maxisterio	2.514	3.675
TOTAIS	125.965 <sup>1</sup>	140.880

CATÁLOGO DE PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

	Títulos	Volumes
B. Xeral	10.336	10.540
Bioloxía	932	932
Económicas	2.434	2.434
Dereito, CC. Pol., Rel Laborais	2.512	2.596
Farmacía	1.441	1.441
Filoloxía	1.689	1.693
Filosofía, CC. Edu., Psi.	1.694	1.709
Física e Óptica	525	525
Xeografía e Historia	2.066	2.068
Matemáticas	524	524
Medicina	1.971	1.999
Química	719	719
Xornalismo	300	300
Enfermería	60	60
ICE	322	322
Observatorio	344	344
Museo Luis Iglesias	1	1
Intercentros Lugo	1.390	1.391
Maxisterio	189	189
Rede Cds	28	28
TOTAIS	29.477	29.815

## SERVICIOS

Como se reseña na presentación desta memoria, no ano 2000 modificouse a **páxina web da Biblioteca**, adoptando o deseño e as cores institucionais, ó tempo que se ampliaba a información sobre servicios que oferta a BUSC (lectura en sala, reprografía, información básica dos distintos centros) e se completaba a selección de recursos en internet por materias (agricultura, arte, bioloxía, dereito, farmacia, filoloxía, historia, matemáticas, medicina e enfermería, políticas, química, socioloxía, veterinaria, xeografía e xornalismo).

A principios de xuño incorporouse tamén, a través da web, o servizo **SwetsNet**. Este servizo dá acceso a unha base de datos de sumarios de máis de 16.000 títulos de revistas, e ó texto completo de 474 revistas ás que a BUSC ten acceso gratuíto por estar subscrita a versión impresa. Dado que SwetsNet funciona a base de convenios cos editores, pode haber títulos, que a Biblioteca ten subscritos en soporte electrónico, que non se atopen nesta base de datos. Estes títulos seguen a ofertarse na Web no epígrafe Servizo de Revistas Electrónicas. As estatísticas de uso de SwetsNet dende xuño a decembro de 2000 dan os seguintes resultados: 1.240 títulos consultados, 9.179 accesos ós sumarios, 985 consultas de abstracts e 5.871 accesos ó texto completo de artigos destas 1.240 revistas.

No que se refire á incorporación de novas tecnoloxías para mellora de servicios, ampliouse a catro bibliotecas a instalación do **sistema ARIEL**, que permite enviar en soporte electrónico os artigos de revistas adquiridas en soporte papel. Neste ano 2000 fíxose a instalación nas tres Bibliotecas con maior demanda interna (Bioloxía, Farmacia e Medicina) e na B. Intercentros do Campus de Lugo. O uso combinado do formulario de solicitude de fotocopias de artigos de revistas da páxina web da BUSC e do sistema Ariel, proporciona ós usuarios da intranet da USC un medio áxil de obter artigos de revistas que forman parte das coleccións doutras bibliotecas distintas da que dá servizo o seu centro. Nos vindeiros anos está previsto ir incrementando este sistema en tódalas Bibliotecas de Centro e Intercentros.

A **Rede de CD-ROMs** continuou coas mesmas bases de datos dos anos anteriores, aínda que con melloras no software de acceso. A adquisición dun novo servidor permitiu instalar a versión 4.1 do software ERL que aporta importantes melloras nas consultas (enlaces web a texto completo de revistas electrónicas, servizo de alertas-SDI-, etc.) e na administración. Houbo un total de 150.690 consultas, o que supón un 84,84% de incremento respecto a 1999. Destaca sobre todo o elevado uso do Current Contents (4.798 consultas en 1999 e 34.042 en 2000), debido ó cambio de subscripción das 4 seccións do produto Ovid á edición completa de SilverPlatter, máis custoso en termos totais pero moito máis económico en relación custo/consulta (817 ptas. en 1999, 260 ptas. en 2000) e con mellores prestacións.

Os datos estatísticos comprenden todo o ano 2000 e recollen o número de consultas a cada unha das bases. A estimación de uso diario estableceuse tendo en conta soamente os días laborables (220 días ó ano). A análise destes datos mostra, coma en anos anteriores, un uso moito maior das áreas de ciencias puras e biomedicina fronte ó resto das áreas, destacando o forte uso de Medline, por primeira vez por encima do Chemical Abstracts.

Título	Consultas 2000	Consultas por día
Current Contents	34.042	154,74
MEDLINE	22.938	104,26
Chemical Abstracts	21.687	98,58
Biological Abstracts	17.950	81,59
AGRIS	11.166	50,75
PsycLit	8.881	40,37
Analytical Abstracts	8.429	38,31
IPA	4.820	21,91
Journal Science Reports	4.121	18,73
ERIC	3.648	16,58
Econlit	3.526	16,03
CSIC	2.497	11,35
Rebiun	2.387	10,85
Bibliografía Nacional Española	993	4,51
Global Books in Print Plus	803	3,65
Social Science Reports	769	3,50
Periodical Content Index	584	2,65
British Library General Catalogue of Printed Books to 1995	500	2,27
Doc Theses	326	1,48
Boston Spa Conferences	236	1,07
Arts & Humanities	213	0,97
Francis	174	0,79
	150.690	

Os **servicios de consulta en sala e préstamo a domicilio** serviron 527.775 volumes de monografías. Dende que as distintas Bibliotecas da USC van incrementando a instalación en acceso directo das coleccións básicas do fondo de alumnos ou do conxunto das coleccións, cando isto é posible, non se posúen datos fiables do Servicio de Consulta en Sala, polo que a evolución do uso da colección de monografías só pode facerse sobre os datos de préstamo. Estes datos para o ano 2000 son de 462.634 volumes prestados.

En 1999 os datos destes servicios referían só os meses de marzo a decembro, polo que non se poden establecer comparacións sobre a evolución dos servicios entre eses anos. Se establecemos a comparación sobre os datos de 1998, apréciase unha diminución global do 0.97%. Na seguinte táboa pode verse esta evolución por centros.

Centro	Diferencia 2000-1998 en %
B.Xeral	-6,97
Bioloxía	-9,26
Económicas	-4,81
Der., Pol., R. Lab.*	-51,27
Farmacia	12,45
Filoxía	-2,63
Fil., CC. Ed., Psi.	5,63
Física e Óptica	-9,91
Xeografía e Hª	-3,61
Matemáticas	-19,99
Medicina	49,99
Química	3,45
Xornalismo	sen datos de 1998
Enfermería	-15,50
ICE *	-43,68
B. Intercentros Lugo	13,53
Maxisterio Lugo	20,72
TOTAIS	-0,97

\*Non inclúen datos de Préstamo manual do ano 2000

Destacan as fortes baixadas de Matemáticas (case un 20% menos) e Enfermería, a forte suba de Medicina (case un 50% máis) e a suba continuada das dúas Bibliotecas do Campus de Lugo.

Tódalas bibliotecas prestan diversos **servicios de información bibliográfica**, aínda que a maioría non están en disposición de levar un control estatístico dos mesmos. Os datos das que sí contabilizaron este servizo durante 2000 son os seguintes:

- Biblioteca Xeral: 2.804 consultas demandadas e 2.794 resoltas
- Biblioteca Intercentros de Filosofía, Ciencias da Educación e Psicoloxía: 1.220 consultas demandadas e 1.200 resoltas
- Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo: 2.308 consultas demandas e 2.194 resoltas
- Biblioteca de Xornalismo: 39 consultas demandadas e 34 resoltas
- Biblioteca do ICE: 132 consultas demandadas e 125 resoltas

Destas consultas un 50% foron sobre os propios servizos, un 22% sobre os catálogos da BUSC, un 27% búsquedas bibliográficas en obras de referencia e bases de datos, e o 1% restante sobre identificación de obras á venda, enderezos de organismos, etc.

Un total de 8 bibliotecas (Bioloxía, Económicas, Farmacia, Filoxía, Intercentros de Filosofía CC. da Educación e Psicoloxía, Medicina, Intercentros de Lugo e Maxisterio de Lugo) realizaron actividades de



**formación de usuarios.** Estas actividades dirixíronse fundamentalmente ós alumnos de primeiro curso, pero no caso de Bioloxía, Medicina, e Maxisterio de Lugo ían dirixidas tamén ós alumnos de segundo e terceiro ciclos e a profesores e investigadores. A formación vai encamiñada a familiarizar ós usuarios cos servizos da BUSC, a consulta do catálogo e o coñecemento e manexo dos recursos electrónicos.

A Biblioteca Intercentros de Filosofía, CC. da Educación e Psicoloxía continuou a colaboración co Prof. D. Andrés Suárez Yáñez, do Departamento de Métodos da Facultade de Ciencias da Educación, para impartir cursos específicos a grupos de 10 alumnos. Ademais no ano 2000, en colaboración coa equipa decanal da Facultade de CC. da Educación, deseñouse un curso específico para alumnos de 1º curso, realizado na Aula de Informática, dentro da asignatura “Historia da Psicoloxía”, impartida pola Prof. Dna. Mª Dolores Valiña.

O servizo de **préstamo interbibliotecario** continuou realizándose en dous puntos de servizo para a USC: a Biblioteca da Facultade de Medicina para os usuarios desta Facultade e a Biblioteca Xeral para tódolos outros usuarios. En conxunto, ambas bibliotecas realizaron 20.264 transaccións de solicitudes de documentos: 11.743 (1,3% de incremento respecto a 1999) de documentos non existentes na BUSC e 9.176 (5,74 % máis que en 1999) de documentos propios pedidos por outras bibliotecas e centros de documentación.

Estes datos, con pequenas oscilacións, veñen manténdose nos mesmos niveis desde hai 5 anos. É de resaltar que este servizo ocasiona fortes cargas de traballo entre o persoal profesional e que as cifras de documentos subministrados a outros centros soamente son superadas polas Universidades de Barcelona e Complutense, ten índices similares a Universidade de Zaragoza, e que como centro peticionario está tamén entre os cinco primeiros das universidades españolas\*.

Nos seguintes cadros poden verse os datos estatísticos do ano 2000:

Documentos obtidos de centros externos					
	B. Xeral		B. Medicina		TOTALS
	copias	préstamos	copias	préstamos	
Solicitudes recibidas	6.611	812	4.305	15	11.743
Solicitudes non cursadas ou canceladas	544	22	0	0	566
Documentos solicitados	6.451	797	4.305	15	11.568
Documentos obtidos	5.564	685	3.727	15	9.991
Documentos non obtidos	322	60	525	0	907
Solicitudes en trámite	181	45	53	0	279

As 566 (4,82%) solicitudes non cursadas ou canceladas non foron tramitadas por non encontrarse os documentos en España e non desexar os usuarios que se demandasen ó estranxeiro, ou ben foron tramitadas e posteriormente canceladas por se-los datos de referencia erróneos ou incompletos.

\* “Anuario estadístico Rebiun 1999”

### Documentos servidos a centros externos

	B. Xeral		B. Medicina		TOTALS
	copias	préstamos	copias	préstamos	
Documentos solicitados	5.026	1.314	2.825	11	9.176
Documentos subministrados	4.384	1.116	2.553	11	8.064
Documentos non subministrados	600	195	271	0	1.066
Solicitudes canceladas	34	0	0	0	34
Solicitudes en trámite	8	3	1	0	12

Os 1.066 (11.62%) documentos non subministrados corresponden a números de revistas que faltan nas coleccións da BUSC no caso das copias, e fondos excluídos de préstamo no caso das solicitudes de préstamo.

En relación á ubicación das coleccións con maior demanda (tanto de centros externos coma dos usuarios propios da USC), un ano máis os centros con maior demanda son as Bibliotecas da área de ciencias da saúde (Medicina 30.18% e Farmacia 12.222%), seguidas pola área de ciencias.

### Documentos subministrados por Bibliotecas da USC

	Centros externos	Usuarios da USC	Universidade de Vigo	Totais
B. Xeral	445		146	591
Bioloxía	406	754	153	1.313
CC. Económicas	220	39	123	382
Dereito, Políticas, Rel. Laborais	191	399	416	1.006
Farmacia	1.015	555	137	1.707
Filoloxía	552	42	49	643
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	512	97	61	670
Física e Óptica	223	26	57	306
Xeografía e Historia	211	0	12	223
Matemáticas	518	121	108	747
Medicina	2.564	1.599	54	4.217
Química	982	311	276	1.569
Xornalismo	13	12	1	26
B. Intercentros Lugo	244	312	42	598
Maxisterio	2	3	2	7
TOTALS	8.064	4.270	1.637	13.971

A procedencia das solicitudes dos usuarios da USC pode verse no gráfico seguinte:

Documentos solicitados por usuarios da USC	
B. Xeral	665
Bioloxía	237
CC. Económicas	205
Dereito, Políticas, Rel. Laborais	95
Farmacía	1.328
Filoxía	227
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	828
Física e Óptica	287
Xeografía e Historia	73
Matemáticas	30
Medicina	4.327
Química	232
Xornalismo	13
B. Intercentros Lugo	956
TOTAIS USC	9.503

Estas solicitudes, seguindo a tendencia dos anos anteriores, mostran unha grande dispersión de títulos. Soamente 22 títulos tiveron máis de 15 demandas de usuarios diferentes.

## REDES E COOPERACIÓN

No mes de xaneiro a Biblioteca recibiu a visita da responsable da Biblioteca da Universidade de Le Mans, Mme. Céline Ménil, coa que se desenvolveron unhas xornadas de traballo, na Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo e na Biblioteca Xeral da Universidade, tendentes ó intercambio de opinións no tocante a reagrupación de coleccións e establecemento de servizos centralizados de documentación.

No mes de xuño, por encargo do Vicerrectorado de Coordinación, a BUSC preparou a parte correspondente á Biblioteca do dossier presentado pola USC á campaña "Europe, a Common Heritage", promovida polo Consello de Europa.

No mes de agosto o Vicerrectorado de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria solicitou á Biblioteca a participación nun curso de xestión da información, enmarcado no acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación Superior da República de Cuba en materia cultural de ensinanza universitaria. O Curso, que contou coa participación de persoal da área de bibliotecas das tres universidades galegas, desenvolveuse no mes de novembro na Universidade de Oriente, pola parte da BUSC o profesor encargado de impartilo foi o Director da Biblioteca da Facultade de Medicina D. Xosé A. Regos Varela.

Ó longo do ano mantíveronse diversas reunións cara á constitución do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia. A finais do ano 2000 o Consorcio non está constituído. Provisoriamente para o ano 2001, mentras continúan as conversas sobre o consorcio, firmouse un Convenio de colaboración para a adquisición de Bases de Datos en formato electrónico, asinado polas tres Universidades, as Consellerías da Presidencia e Administración Pública, de Cultura, Comunicación Social e Turismo e de Educación e Ordenación Universitaria e o Centro de Supercomputación de Galicia. O convenio asinouse no mes de novembro, procedéndose despois á convocatoria do concurso de subministro das 47 bases seleccionadas e á súa paulatina implantación. Entre estas bases de datos están tódalas que a BUSC tiña instaladas na súa rede de cd-roms, polo que se deron de baixa estas subscricións para o ano 2001.

Como membro de Rebiun, a Biblioteca traballou durante todo o ano nun dos obxectivos para o ano 2000 do Grupo de Patrimonio, a preparación da Exposición "Ex Libris Universitatis : O Patrimonio das bibliotecas universitarias españolas " e do Catálogo da mesma, xunto cos bibliotecarios designados nas Universidades de Barcelona, Complutense de Madrid, Salamanca e Sevilla. A Exposición, á que a BUSC contribuíu con 51 obras, inaugurouse o 28 de setembro e estivo aberta ata o 31 de outubro, constituíndo unha ocasión excepcional para a contemplación dunha selección de obras procedentes de 33 universidades españolas.

A Biblioteca participou tamén, como final da Exposición antedita, na organización do seminario "De Manuscritos, Libros de Molde y otros ingenios" que tivo lugar no Salón Noble do Colexio de Fonseca os días 26 e 27 de outubro.

Como tódolos anos, a Biblioteca Xeral organizou, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, adicado nesta ocasión a Manuel Murguía, unha mostra bibliográfica durante os días 15 a 31 de maio no Claustro Alto do Colexio de Fonseca.

Ademais, figuraron fondos da BUSC nas seguintes exposicións:

- Un Libro para o ano 2000: A Biblia / Instituto Teolóxico Compostelano, 3 ó 11 de maio de 2000.
- Libros de matemáticos españoles / Univresitat de Alicante, 2-12 de maio.
- 5º Centenario del nacimiento de Carlos V / Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 30 de maio-2 de xuño de 2000.
- Manuel Murguía / Centro Socio Cultural de Vite, Santiago de Compostela, maio de 2000.
- Compostela-Autorretrato / Vicerrectorado de Extensión Cultural da Universidade de Santiago, Igrexa da Compañía, xuño-setembro de 2000.
- As Faces de Deus / Arcebispado de Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago, San Martiño Pinario, setembro-novembro de 2000
- Maravillas de la España Medieval: Tesoro Sagrado y Monarquía / Dirección General de Patrimonio y Promoción Cultural, Junta de Castilla y León: Colegiata de San Isidoro de León, 1 de decembro de 2000 ó 28 de febreiro de 2001.

Con destino a reproducións facsimilares ou edicións comentadas autorizouse a reprodución das seguintes obras:

- Antoniana Margarita / Gómez Pereira: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago.
